



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

MATERIA:

INGLÉS

CURSO: 6º PRIMARIA

ANO ACADÉMICO: 2020/2021

ÍNDICE

1. CONTEXTO	3
1.2 Centro	3
1.3 Alumnado	3
1.4 Obxectivos adaptados ao contexto do centro e do alumnado	4
2. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN	5
2.1 Plan de reforzo e recuperación da materia do curso 19/20	5
2.2 Secuenciación da materia do curso 4º de ep.....	6
2.3. Materiais de referencia para todas as unidades.	16
3. METODOLOXÍA PRESENCIAL	17
3.1 Aspectos xerais	17
3.2 Estratexias metodolóxicas	17
3.3 Exemplo de Secuenciación dentro da aula	18
4. METODOLOXÍA NON PRESENCIAL	19
5. AVALIACIÓN	20
5.1 Avaliación inicial	20
5.2 Avaliación contínua	20
5.3 Criterios de avaliación	22
5.4 Criterios de promoción do alumnado	28
6. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE	29
7. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE	33
7.1 Indicadores de logro do proceso de ensino	33
7.2 Indicadores de logro da práctica docente	32
8. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	34
9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	35
10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	36
11. PROPOSTA MENCIÓN HONORÍFICA	36

1. CONTEXTO

1.1. CENTRO:

Situación:

O nome actual do centro é o de Colexio de Educación Infantil e Primaria HumbertoJuanes. É un centro público do que é titular a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O colexio ubícase na parroquia de Nigrán no Concello de Nigrán, Rúa Curros Enríquez Nº 2, CP 36350.

Comeza o seu funcionamento no curso 1972/1973 acollendo a alumnos das parroquias de Camos, Panxón, San Pedro da Ramallosa e Priegue. Actualmente as adscritas ao noso centro son Priegue e Nigrán. Ademais ao noso centro acude alumnado de Camos, Panxón, Chandebrito, A Ramallosa, Baiona, Gondomar e Saiáns.

Centro adscrito:

IES Val Miñor, centro de Ensino Secundario adscrito ao CEIP HumbertoJuanes.

Ensinanzas que oferta:

O CEIP Humberto Juanes oferta 2º ciclo de educación infantil e Educación Primaria.

O alumando pode escoller entre Relixión Católica ou valores sociais e cívicos. O único idioma que ofertamos como lingua estranxeira é o inglés.

Características singulares:

Programas nos que participamos:

- E-dixgal
- Aprender a cooperar, cooperar para aprender
- Seccións bilingües en plástica en inglés en 1º, 2º, 5º e 6º
- Tutoría entre iguais
- Contratos programa
- PLAMBE

1.2. ALUMNADO

Poboación inmigrante:

Hai 2 familias que se estableceron na contorna hai 2 anos. Estes alumnos chegaron cun nivel de inglés bastante baixo para a súa idade. No primeiro ano tiveron materiais adaptados e é preciso seguir con este apoio.

Alumnado con NEAE no curso actual:

Unha das alumnas tiña unha ACI de nivel de 2º durante o curso pasado. Este ano quitóuselle dita ACI, aínda que en inglés non vai ser capaz de seguir o ritmo. É preciso adaptar o nivel.

Hai dous alumnos diagnosticados con TDA-H ou TDA.

Outras características:

Cambiouse a un neno de 6ºB a 6ºA (por conciliación familiar de xemelgos), e hai un alumno novo en 6ºB.

1.3. OBXECTIVOS ADAPTADOS AO CONTEXTO DO CENTRO E DO ALUMNADO

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

2. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

2.1. PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN DA MATERIA DO CURSO 19/20.

Estándares imprescindibles non traballados/acadados no curso anterior:

PLEB3.1. Comprende información básica escrita en notas, tendas e medios de transporte, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.

PLB3.5. Selecciona contos, narracións ou outro material escrito da biblioteca da aula para a súa lectura autónoma, acordes á súa idade e intereses e respectando as súas normas de funcionamento.

PLEB4.2. Escribe diálogos simples, a partir de modelos, respectando a estrutura gramatical coñecida e as normas ortográficas básicas.

PLEB5.5. Identifica en textos simples: as formas de presente e pasado simple, a afirmación e a negación... (QUEDOU POR TRABALLAR O ASPECTO DO PASADO)

PLEB5.8. Describe con máis detalle o seu aspecto físico.

Adaptación no 1º e 2º trimestre.

Tódolos estándares serán traballados seguindo o modelo de traballo cooperativo, e, na súa maioría, contando con ferramentas TIC para o seu desenrolo.

Os estándares 5.5 e 5.8 serán traballados na primeira lección, facendo dicionarios visuais e exposicións orais sobre os temas. Farase reforzo adaptando os contidos a dúas alumnas.

O estándar 4.2 será traballado no 2º trimestre.

O estándar 3.5 será traballado achegando ao alumnado información sobre os libros dispoñibles na biblioteca do centro unha vez comeze a funcionar.

O estándar 3.1 será traballado a partir do 2º trimestre e incluíndoo nas diferentes leccións.

Ademáis, notamos a necesidade de incluír dous estándares de 5º a maiores no bloque 2 (Expresión oral) xa que vemos imprescindible seguir traballando ditos estándares.

2.2. SECUENCIACIÓN DA MATERIA DO CURSO 6º DE EP:

Debido a que estamos falando da aprendizaxe dunha lingua os bloques son traballados simultaneamente en todas as leccións, aínda que non avaliados en todas. Pódese ver no apartado de avaliación os estándares que se avaliarán en cada trimestre.

Na seguinte táboa pódese ver o tema que se traballará en cada lección e que aspectos do bloque 5 se van traballar máis especificamente, xa que os os bloques 1, 2, 3 e 4 traballaranse en cada unha delas.

UD TEMA PROXECTO	CONTIDO		Material de referencia específico	Temporalización	
				Trimestre	Mes/ Número de sesións
	BLOQUE 5 *				
This is me. NOW and THEN.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: 	<ul style="list-style-type: none"> - Convencións sociais, normas de cortesía e rexistros. - costumes e actitudes. - linguaxe non verbal, así como a realidade plurilingüe e multicultural da propia contorna. 		1º TRIMESTRE	Set- 25 de outubro 18 sesións
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Funcións comunicativas: 	<ul style="list-style-type: none"> - Saúdos e presentacións, desculpas,agradecementos. - Expresión da capacidade, o gusto, a preferencia, a opinión, o acordo ou desacordo, o sentimento, a intención. - Descrición de persoas, actividades, lugares, obxectos, hábitos. - Narración de feitos pasados remotos e recentes. - Petición e ofrecemento de axuda, información, instrucións, obxectos, opinión, permiso. - Establecemento e mantemento da comunicación. 			
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Estruturas sintáctico-discursivas: 	<ul style="list-style-type: none"> - Expresión de relacións lóxicas: conxunción (and); oposición (but), 			

		<ul style="list-style-type: none"> - Relaciones temporais (when; before; after). - Afirmación (affirmative sentences; Yes (+ tag)). - Exclamación (What + noun, e. g. What fun!; How + Adj., e. g. How nice!; exclamatory sentences, e. g. I love salgade!). - Expresión da cantidade, (a) little. - Expresión do espazo (prepositions) 			
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4 LÉXICO ORAL DE ALTA FRECUENCIA 	<ul style="list-style-type: none"> - Léxico oral de alta frecuencia (recepción e produción) relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contorna; actividades da vida diaria; familia e amizades; tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións; educación e estudio; e tecnoloxías da información e a comunicación. 			
TV EXPERT	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: 	<ul style="list-style-type: none"> - Convencións sociais, normas de cortesía e rexistros. - costumes e actitudes. - linguaxe non verbal, así como a realidade plurilingüe e multicultural da propia contorna. 			<p>26 Out- nov-18 decembro</p> <p>23 sesións</p>
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Funcións comunicativas: 	<ul style="list-style-type: none"> - Saúdos e presentacións, desculpas, agradecementos, invitacións. - Expresión do gusto, a preferencia, a opinión, o acordo ou desacordo, o sentimento. - Descrición de persoas, actividades, lugares, obxectos, 			

		<p>hábitos, plans.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Petición e ofrecemento de axuda, información, instrucións, obxectos, opinión, permiso. - Establecemento e mantemento da comunicación. 			
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Estruturas sintáctico-discursivas: 	<ul style="list-style-type: none"> - Expresión de relacións lóxicas: conxunción (and); disxunción (or); oposición (but). - Relaciones temporais (when; before; after). - Afirmación (affirmative sentences; Yes (+ tag)). - Expresión da cantidade (singular/plural; cardinal numerals up to four digits; ordinal numerals up to two digits. Quantity: all, many, a lot, some, (a) few, (a) little, more, much, - Expresión do espazo (prepositions) 			
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4 LÉXICO ORAL DE ALTA FRECUENCIA 	<ul style="list-style-type: none"> - Léxico oral de alta frecuencia (recepción e produción) relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contorna; actividades da vida diaria; familia e amizades, tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións; e tecnoloxías da información e a comunicación. 			
FAVOURITE JOB	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Aspectos socioculturais e 	<ul style="list-style-type: none"> - Convencións sociais, normas de cortesía e rexistros. 		2º TRIMESTRE	11 Xaneiro-12 febreiro

	sociolingüísticos:	<ul style="list-style-type: none"> - costumes e actitudes. - linguaxe non verbal, así como a realidade plurilingüe e multicultural da propia contorna. 			15 sesións
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Funcións comunicativas: 	<ul style="list-style-type: none"> - Saúdos e presentacións, desculpas, agradecementos, invitacións. - Expresión da capacidade, o gusto, a preferencia, a opinión. - Descrición de persoas, actividades, lugares, obxectos, hábitos. - Petición e ofrecemento de axuda, información, instrucións, obxectos, opinión, permiso. - Establecemento e mantemento da comunicación. 			
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Estruturas sintáctico-discursivas: ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> - Expresión de relacións lóxicas: conxunción (and); disxunción (or); oposición (but); causa (because). - Relaciones temporais (when; before; after). - Afirmación (affirmative sentences; Yes (+ tag)). - Exclamación (What + noun, e. g. What fun!; How + Adj., e. g. How nice!; exclamatory sentences, e. g. I love salgade!). - Expresión da cantidade (singular/plural; cardinal numerals up to four digits; ordinal numerals up to two digits) - Expresión do espazo 			

		(prepositions and adverbs of location, position)		
	▪ B5.4 LÉXICO ORAL DE ALTA FRECUENCIA	- Léxico oral de alta frecuencia (recepción e produción) relativo a identificación persoal; actividades da vida diaria; familia e amizades; traballo e ocupacións; tempo libre, lecer e deporte.		
GOING SHOPPING	▪ B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:	- Convencións sociais, normas de cortesía e rexistros. - costumes e actitudes. - linguaxe non verbal, así como a realidade plurilingüe e multicultural da propia contorna.		19 febreiro-26 marzo 15 sesións
	▪ B5.2. Funcións comunicativas: ▪	- Saúdos e presentacións, desculpas, agradecementos, invitacións. - Expresión da capacidade, o gusto, a preferencia, a opinión, o acordo ou desacordo, o sentimento, a intención. - Descrición de persoas, actividades, lugares, obxectos, hábitos, plans. - Petición e ofrecemento de axuda, información, instrucións, obxectos, opinión, permiso. - Establecemento e mantemento da comunicación.		
	▪ B5.3. Estruturas sintáctico-discursivas:	- Expresión de relacións lóxicas: conxunción (and); disxunción (or); oposición (but); causa		

	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	<p>(because);</p> <ul style="list-style-type: none"> - Relaciones temporais (when) - Afirmación (affirmative sentences; Yes (+ tag)). - Expresión da cantidade (singular/plural; cardinal numerals up to four digits; ordinal numerals up to two digits. Quantity: all, many, a lot, some, (a) few, (a) little, more, much, - Expresión do espazo (prepositions and adverbs of location, position, distance. 			
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4 LÉXICO ORAL DE ALTA FRECUENCIA 	<ul style="list-style-type: none"> - Léxico oral de alta frecuencia (recepción e produción) relativo a identificación persoal; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración. 			
MY WEEKEND IN TOWN	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: 	<ul style="list-style-type: none"> - Convencións sociais, normas de cortesía e rexistros. - costumes e actitudes. - linguaxe non verbal, así como a realidade plurilingüe e multicultural da propia contorna. 		3º TRIMESTRE	6 de abril-7 maio 12 sesións
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Funcións comunicativas: ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> - Saúdos e presentacións, desculpas,agradecementos, invitacións. - Expresión da capacidade, o gusto, a preferencia, a opinión, o acordo ou desacordo, o sentimento, a intención. 			

		<ul style="list-style-type: none"> - Descrición de persoas, actividades, lugares, obxectos, hábitos, plans. - Narración de feitos pasados remotos e recentes. - Petición e ofrecemento de axuda, información, instrucións, obxectos, opinión, permiso. - Establecemento e mantemento da comunicación. 		
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Estruturas sintáctico-discursivas: ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> - Expresión de relacións lóxicas: conxunción (and); disxunción (or); oposición (but); causa (because). - Relaciones temporais (when; before; after). - Afirmación (affirmative sentences; Yes (+ tag)). - Expresión da cantidade (singular/plural; cardinal numerals up to four digits. - Expresión do espazo (prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction) 		
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4 LÉXICO ORAL DE ALTA FRECUENCIA 	<ul style="list-style-type: none"> - Léxico oral de alta frecuencia (recepción e produción) relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contorna; actividades da vida diaria; familia e amizades; traballo e ocupacións; tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións. 		
ANIMAL EXPERT	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Aspectos socioculturais e 	<ul style="list-style-type: none"> - Convencións sociais, normas de cortesía e rexistros. 		10 de maio-14 xuño

	sociolingüísticos:	<ul style="list-style-type: none"> - costumes e actitudes. - linguaxe non verbal, así como a realidade plurilingüe e multicultural da propia contorna. 			15 sesións
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Funcións comunicativas: ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> - Saúdos e presentacións, desculpas, agradecementos, invitacións. - Expresión da capacidade, o gusto, a preferencia, a opinión, o acordo ou desacordo, o sentimento, a intención. - Descrición de persoas, actividades, lugares, obxectos, hábitos, plans. - Narración de feitos pasados remotos e recentes. - Petición e ofrecemento de axuda, información, instrucións. - Establecemento e mantemento da comunicación. 			
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Estruturas sintáctico-discursivas: ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> - Expresión de relacións lóxicas: conxunción (and); disxunción (or); oposición (but); causa (because); comparación (as Adj. as; smaller (than); the biggest). - Afirmación (affirmative sentences; Yes (+ tag)). - Exclamación (What + noun, e. g. What fun!; How + Adj., e. g. How nice!; exclamatory sentences, e. g. I love salgade!). - Expresión do espazo (prepositions and adverbs of 			

		location, position.			
	▪ B5.4 LÉXICO ORAL DE ALTA FRECUENCIA	- Léxico oral de alta frecuencia (recepción e produción) relativo a identificación persoal; animais.			

2.3. MATERIAIS DE REFERENCIA PARA TODAS AS UNIDADES:

Non temos un libro de texto de referencia, polo que cada unidade é elaborado con distintos recursos tanto físicos como dixitais. O alumnado segue a materia a través do blog que creamos o profesorado de inglés do centro (<http://englishclubhj.blogspot.com/>) e da aula virtual.

- Blog de aula con enlaces a recursos dixitais: cancións, historias, imaxes, xogos
 - Páxinas de referencia para as destrezas orais (historias, cancións, vocabulario): Supersimple songs, the singing walrus, WOW English TV, youtube, english sing sing, BBC English learning, Koala Text.
 - Páxinas de refencia para destrezas orais e escritas: Liveworksheets, learning apps, twinkl, sparkle box, ISLcollective, video lessons..
- Storybooks. Libros ingleses para nenos, autores do mundo anglosaxón.
- Enlaces dixitais ou interactivos a materiais de diferentes editoriais.
- Programación de aula
- Material de elaboración propio (xogos e fichas)

3. METODOLOXÍA PRESENCIAL

Aspectos xerais:

O profesorado definitivo de lingua estranxeira ten unha liña de traballo único e similar na aprendizaxe da lingua inglesa dende 1º de EI ata 6º de EP.

Estas son as razóns que nos levan a plantexarnos a ensinanza do inglés deste xeito:

- A necesidade de cambio que reclama sociedade e que é imprescindible para conectar co alumnado.
- Poñer en práctica novos coñecementos do profesorado que se van acadando coa súa formación permanente.
- Darlle máis autonomía ao alumnado na súa aprendizaxe.
- Falta de motivación do alumnado de cara ao proceso de aprendizaxe.
- Integrar as novas tecnoloxías na aula.

O NOSO PRINCIPAL OBXECTIVO:

- Interese por usar o inglés en situacións diversas e confianza na propia capacidade para realizar e comprender producións orais e escritas sinxelas en contextos coñecidos.

Estratexias metodolóxicas

A MOTIVACIÓN: A motivación é un factor clave que debe estar sempre presente no proceso de aprendizaxe e non debe ser entendida como unha técnica ou método de ensinanza. Mediante a motivación entra en xogo o concepto que cada alumno ten de si mesmo. Este autoconceito é o resultado de analizar, valorar e integrar toda a información lograda das vivencias propias e da opinión de outros, como amigos, familia e docentes.

Esperamos que a elaboración significativa das tarefas escolares na aula de inglés xeneren motivación intrínseca, ao contrario das tarefas rutinarias, memorísticas, repetitivas e descontextualizadas.

O ROL DO PROFESORADO: O profesorado debe facer todo o posible para axudar ao alumnado e despertar a súa curiosidade. Se o profesorado está motivado, o alumnado tamén o estará. O profesorado de Inglés do CEIP Humberto Juanes traballará en equipo e dentro dos diferentes “clubs” das aulas será un profesor-guía, realizando tarefas de acompañamento e motivando ao alumnado na consecución dos obxectivos plantexados.

O XOGO COMO ESENCIA DOS “CLUBS”: O xogo está na base, na esencia dos “clubs”. O xogo con intencionalidade educativa serve para disfrutar, experimentar, madurar interiorizando e exteriorizando vivencias. A necesidade creada a través do xogo é a que move ao alumnado a aprender. O xogo debe conectar coas intereses e motivacións propias da idade do alumnado. NON debe ser un xogo competitivo, se non que só debe suponer un esforzo para superar retos.

UN ‘PARA QUE’: TAREFAS: Tódolos “clubs” teñen un para que en se mesmos ou en saída ao ‘exterior’ (a través da radio, dos boletíns que vaian creando, dos teatros, explicacións a outras clases, etc). Este ‘para que’ xenera auto esixencia, gañas de facelo ben e un ter en conta a quen vai dirixido o traballo. Conecta co ‘agora’, xa que non traballan para un futuro, se non para un aquí e agora onde o alumnado vive e aprende.

O TRABALLO EN EQUIPO E COOPERATIVO: Co traballo en equipo buscamos que cada un dos alumnos vexa que pode aportar moito á consecución dos obxectivos. Ademais, co traballo en equipo búscase tamén que o alumnado teña empatía cos demais compañeiros, sendo capaces de axudar, ponerse en lugar dos demais, ser conscientes dos diferentes ritmos de aprendizaxe, liderar diferentes actividades e sobre todo darse conta de que todos temos algo que nos pode saír ben. O feito de ir rotando por diferentes “clubs” fará que dentro do equipo se descubra quen é bo coas TICs, quen é bo facendo teatros, elaborando historias, etc.

IMPORTANCIA DA AUTOAVALIACIÓN: Cada alumno será consciente do que vai aprendendo.

3.1. Exemplo de secuenciación de traballo na aula

- Unha sesión de 50 minutos. Adicarémola a traballo máis teórico.
- Unha sesión de 100 minutos (1 hora e 40 minutos) de traballo en equipo por recunchos aos que chamaremos “clubs” unha vez a nova unidade e os seus contidos estén introducidos e poidan comezar a usalo de xeito comunicativo.

- SESIÓN TEÓRICA: (50 min)

Distribuíranda da seguinte maneira:

15 minutos de “warm up” de traballo colectivo: data, tempo atmosférico, preguntas de información persoal. Situarémonosna planificación do traballo coa finalidade de saber en que momento da lección estamos traballando, reflexionando o que se leva feito ata o de agora.

Unha vez rematado farase o traballo programado para esa sesión, que dependerá do número da sesión que sexa dentro da unidade didáctica.

Posibles actividades a realizar: cancións, escoitar/ler historias, exercicios de adquisición de novo vocabulario e estruturas gramaticais, xogos en gran grupo...

- SESIÓN “ENGLISH CLUB” (100 min)

10 minutos: Warm up colectivo, situarse cada grupo no seu “club”, repasar as tarefas a facer en cada un deles.

Resto da sesión: Rincóns de traballo.

Estructuraremos a aula en 3 ou 4 rincóns de traballo, dependendo do proxecto ou da tarefa: 2 ou 3 grupos acudirán a cada currunchito.

- CONVERSATION CLUB:
Traballaremos as destrezas orais (listening and speaking) de maneira individual e en grupo.

Posibles actividades: Escoita e comprensión de diálogos que simulen situación reais de narracións orais adecuadas ao seu nivel ou de textos orais sinxelos de carácter informativo, práctica de diálogos en grupos e por parellas, facer e responder preguntas, traballo audiovisual co ordenador (cancións, rimas, retahílas, xogos, exercicios, ...), xogos de práctica oral.

- WRITERS CLUB:
Traballaremos as destrezas de lectoescritura (Reading e Writing), de maneira individual e en grupo.

Posibles actividades: ejercicios de comprensión lectora, ejercicios de expresión escrita, seguir instruccións, xogos de formación de frases, spelling, ler en alto aos amigos, seguir a lectura de libros escollidos, escribir textos a partir de modelos (notas, cartas, postais, invitacións, ...), relacionar textos con imaxes ou representación gráfica dunha situación, completar textos sinxelos con apoio de imaxes, completar textos de cancións coñecidos co apoio de audicións.

- **REAL LIFE / TABLET CLUB:**

Traballaremos as 4 destrezas de maneira globalizada e contextualizada para facer unha tarefa en formato dixital para o cal se empregarán diferentes apps e programas de tablets,. As tarefas finais reflectirán perfís de traballo do mundo real: xornalista, locutores de radio ou televisión, escritores, actores, diseñadores,...

Posibles actividades: Cómicos, revistas, panfletos, noticias, anuncios e programas de televisión, parte meteorolóxico, programas de radio, cartas de restaurante, publicidade... murais, dioramas, taboleiros de xogo, construción en 3d para simular situación reais (p. ex. Cidade, restaurante, casa...)

Potenciarase o uso do diccionario bilingüe.

Fomentarse a búsqueda de información, en formato dixital ou papel, cando a actividade o requira.

As unidades terán 5 semanas de duración, unha por cada "club" e unha última de reflexión, amosar as tarefas que se fixeron, autoavaliación do proceso e avaliación cos compañeiros.

3.2. Outras decisións metodolóxicas:

Agrupamentos:

O alumnado está organizado en grupos seguindo as estruturas do Traballo Cooperativo. É dicir, en grupos de 3 ou 4 persoas (con distancia e separación entre o alumnado).

Tempos:

Explicado na metodoloxía.

Espazos:

As clases impártense nas aulas de inglés, e este curso, debido ao COVID non se empregará outro espazo que non sexa este ou a propia aula do alumnado.

4. METODOLOXÍA NON PRESENCIAL:

- Plataforma de ensino: A través do blog da aula, English Club 6º, e tamén en edixgal.
- Plataforma/medio de comunicación co alumnado de videoconferencia: Webex, ou se hai co tempo, o propio programa da aula virtual.
- Plataforma/medio de comunicación coas familias: abalar móvil
- Aspectos xerais da metodoloxía a empregar en alumnado con conectividade:
 - A través de edixgal se modificarán as actividades de ensino-aprendizaxe para adaptalas á plataforma. O alumnado está familiarizado coas ferramentas dixitais xa que xa traballaron con edixgal o ano pasado.

- Aspectos xerais da metodoloxía a empregar en alumnado sen conectividade: O centro contempla dotar ao alumnado con equipos e/ou módem ao alumnado que non teña conectividade.

5. AVALIACIÓN

5.1. AVALIACIÓN INICIAL

Data prevista de realización: Setembro. Tres primeiras semanas

Tipo de proba (descricao): Observación directa no traballo ao longo do mes, no que se fará un repaso do curso pasado, intentando recuperar aprendizaxes adquiridos.

Mecanismo para informar ás familias: No caso de observar un desfase curricular chamativo informarase ás familias nunha reunión-titoría telemática.

Consecuencias dos resultados das probas: Reprogramar a partires de outubro segundo as necesidades que se observen. Falar coas titorías e departamento de Orientación, personalizar materiais, facer adaptacións curriculares non significativas no caso de ser preciso.

5.2. AVALIACIÓN CONTINUA

Periodicidade coa que se farán probas:

Non se fará unha proba de examen como tal, a non ser que se vexa a necesidade nalgún momento puntual. Todas as tarefas, traballos, presentacións, actividades... que se fan na aula avaliaranse segundo a porcentaxe dos estándares de aprendizaxe que se reflicten neste documento.

Haberá unha avaliación continua pola parte do profesorado, e tamén unha sesión de avaliación grupal onde o alumnado se autoavaliará a el mesmo, fomentando ser conscientes da súa propia aprendizaxe.

O alumnado coñecerá previamente os obxectivos que se espera que acaden en cada unidade, facéndoo autónomos e responsables do seu traballo e a súa aprendizaxe.

En cada sesión o alumnado deberá rematar a tarefa que lle corresponde en cada "club" para demostrar que os estándares que ahí se traballan están acadados.

Como se cualifican as probas, os traballos individuais ou colectivos, o traballo no caderno de clase, a observación do traballo na aula :

Segundo os instrumentos de avaliación programados segundo a actividade ou tarefa.

Aspectos que se van valorar dentro da observación do traballo na aula e instrumentos para a recollida desta información:

- Traballo en equipo e individual
- Respecto aos compañeiro e actitude
- Aproveitamento do tempo de traballo na aula

Estes aspectos recolleranse de maneira sistemática na aula no caderno do profesor, neste caso o caderno dixital Idoceo.

Como se calcula a cualificación de cada unha das avaliacións (ponderación, redondeo...)

Ponderación das porcentaxes dos estándares de aprendizaxe e redondeando a nota final do seguinte xeito:

0.00-0.50= Redondeo á Baixa.

0.50-0.99= Redondeo á alta sempre que se cumplan positivamente os tres apartados recollidos con anterioridade.

5.3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE (PERFIL DE ÁREA)	BLOQUE	Peso (porcentaxe)	TEMPORALIZACIÓN			INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUIÓN	COMPETENCIAS CLAVE
			1ª	2ª	3ª			
SEXTO CURSO								
1. PLEB1.1. Comprende o esencial de anuncios publicitarios sobre produtos que lle interesan (xogos, ordenadores, CD etc.).	20%	3%	X	X		Rúbrica. (Listening)	<ul style="list-style-type: none"> • Escoita atenta • REcoñece a idea principal e o sentido global + unha idea secundaria 	CCL, CAA
2. PLEB1.2. Comprende mensaxes e anuncios públicos que conteñan instrucións, indicacións ou outro tipo de información (por exemplo, números, prezos, horarios, nunha estación ou nuns grandes almacéns).		3%	X	X	x	Rúbrica. (Listening e role-play)	<ul style="list-style-type: none"> • Escoita atenta • REcoñece a idea principal e o sentido global + unha idea secundaria 	CCL, CAA
3. PLEB1.3. Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos).		3%	x	x	x	Rúbrica. (Listening e role-play)	<ul style="list-style-type: none"> • Escoita atenta • REcoñece a idea principal e o sentido global + unha idea secundaria 	CCL, CAA, CSC
4. PLEB1.4. Identifica o tema dunha conversa cotiá predicible que ten lugar na súa presenza (por exemplo, nunha tenda, nun tren).		3%	x	x	x	Rúbrica. (Listening e role-play)	<ul style="list-style-type: none"> • Escoita atenta • REcoñece a idea principal e o sentido global + unha idea secundaria 	CCL, CAA, CSC
5. PLEB1.5. Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por		3%	x	x	x	Rúbrica. (Listening e role-play)	<ul style="list-style-type: none"> • Escoita atenta • REcoñece a idea principal e o sentido global + unha idea 	CCL, CAA, CSC

